



PROCEDIMENTO PARA A XUSTIFICACIÓN DE FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO

Segundo as normas de organización e funcionamento do centro en canto as faltas de asistencia e as súas xustificacións (Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, e Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa), as faltas de asistencia do alumnado serán **xustificadas ou non polo profesorado-titor** ante a percepción ou non dos xustificantes da familia.

O alumnado entregarálle ao titor a xustificación escrita e asinada pola súa familia de cada falta de asistencia, seguindo o **modelo do centro (Anexo I)**, nun máximo de cinco días lectivos unha vez incorporado ao centro onde a familia indica o motivo de asistencia, ou ben previamente se xa se coñece a ausencia.

Faltas por enfermidade

Menos de 3 días	<i>Xustificante da familia seguindo o modelo do centro e indicando as razóns. Se hai algún exame débese incorporar un xustificante médico</i>
A partir de 3 días	<i>Xustificante médico: -Se a ausencia é menor dunha semana, o xustificante médico levarase cando o alumno se incorpore ao centro. -Se a ausencia por enfermidade se prolonga máis dunha semana, levará o xustificante ó centro para facerllo chegar ao titor/a.</i>

Faltas por causa familiar

Ata un máximo de 3 días	<i>Con xustificante dos pais e só cando se trate dun familiar en 1º o 2º grado</i>
Cando estas faltas sexan numerosas ou haxa antecedentes de absentismo consentido	<i>O titor ou a xefatura de estudos poderá requirir ao alumnado unha xustificación adicional</i>

Outras causas

Citacións de carácter xurídico ou similar	<i>Con documento acreditativo</i>
Tramitacións de documentos oficiais	<i>Con xustificación escrita da oficina expendedora</i>
Presentación a probas oficiais	<i>Con xustificación escrita do secretario do Centro</i>